

**CONTRATO TIPO  
DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE RECRÍA EN EXECUCIÓN DO  
CONTRATO DA CONCESIÓN DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO  
CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO “GAYOSO  
CASTRO”**

En Lugo a ..... de ..... de 2.01..

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. ROGELIO GRILLE BARBEIRA con N.I.F. 33.258.754-H, en calidade de Administrador Solidario da entidade **RECRÍA CASTRO, S.L.**, con C.I.F. B-27.487.065 e domicilio en Polígono de Muimenta, Parcela I-4, en Muimenta-Cospeito, 27377, Lugo (en adiante, a CONCESIONARIA).

Doutra parte, D. ...., con N.I.F. .... en ..... nome e representación da gandería, ..... con domicilio social en ..... provista de C.I.F. .... (en adiante, o CLIENTE).

**EXPOÑEN**

I.- Que o *Regulamento de Organización e Funcionamento do Centro de Recría da Deputación de Lugo* (en adiante, Regulamento do Centro de Recría), publicouse no BOP nº 30 do luns 6 de febreiro de 2017.

II.- Que o CLIENTE é unha gandería que está interesada en contratar servizos para a recría das súas xovencas de leite en condicións óptimas.

III.- Que a Deputación de Lugo creou o primeiro Centro de Recría público de Galicia e adxudicou a *Xestión e Explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo, “Gayoso Castro”*, mediante concesión de servizos.

IV.- Que a empresa RECRÍA CASTRO, S.L., foi a entidade adxudicataria da Concesión de Servizos para a Xestión e Explotación deste Centro de Recría público da Deputación de Lugo (en adiante, Centro de Recría), en virtude da adxudicación realizada polo Pleno Municipal da Deputación de Lugo o 27 de xuño do 2017.

En execución do Prego de Prescricións Técnicas e do Proxecto de Explotación presentado pola CONCESIONARIA, a actividade principal do Centro será a cría de xovencas de leite procedentes de explotacións privadas a temperá idade, cunha idade entre 15 e 25 días, para ser devoltas ás súas explotacións de orixe unha vez criadas cunha idade máxima de 24 meses de idade, e preñadas, contra o pago dunha cota mensual por parte da explotación

V.- Que O CLIENTE está interesado en enviar ao CENTRO DE RECRÍA GAYOSO CASTRO obxecto da concesión, xovencas de leite correctamente identificadas, sas (cun correcto “status sanitario”) cunha idade entre 15 e 25 días, a efectos de que sexan criadas pola CONCESIONARIA

Que ámbalas partes asumen o cumprimento dos parámetros fixados na normativa reguladora, e na documentación contractual; en concreto:

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (“TRLCSP”).*
- *Regulamento de Organización e Funcionamento do Centro de Recría da Deputación de Lugo, publicado no BOP nº 30 do luns 6 de febreiro de 2017.*
- *Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e Prego de Prescricións Técnicas (PPT) para a contratación da Concesión da Xestión e Explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro”.*
- *Anteprojecto de Xestión, Explotación e Obras do Centro de Recría Gayoso Castro elaborado pola Deputación Provincial e Proxecto de Explotación presentado pola propia CONCESIONARIA ao proceso de licitación.*
- *Acordo de Adxudicación da Concesión por parte do Pleno da Deputación de Lugo de 27 de xuño de 2017.*
- *Contrato administrativo formalizado na data 8 de novembro entre a Deputación de Lugo e a CONCESIONARIA.*
- *As Tarifas de Prezos recollidas no Acordo de adxudicación e no Contrato administrativo.*

VI.-As partes deste CONTRATO son coñecedoras de que a Deputación de Lugo como entidade pública concedente, é garante do cumprimento da normativa e prescricións ás que está suxeita a prestación deste servizo de recría, tanto por parte do CLIENTE como por parte da CONCESIONARIA.

Na súa virtude, e en base ao establecido na Disposición Adicional Primeira do Regulamento do Centro de Recría da Deputación de Lugo, decídese celebrar o presente CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE RECRÍA que se suxeitará ás seguintes:

## CLÁUSULAS

**Primeira. Obxecto do contrato.** A recría de xovencas de leite, a cambio dunha tarifa baixo as estipulacións previstas no presente Contrato e de acordo coa normativa reguladora e contractual da *Concesión para a xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro”*.

**Segunda.- Admisión de animais.** Unha vez cumprido o procedemento de admisión no Centro de Recría establecido no Regulamento de Organización e Funcionamento do Centro de Recría, a admisión dos animais nas instalacións do Centro de Recría efectuarase trala realización dun exame clínico de recepción no Centro, o cal xerará unha "Ficha de animal de entrada ao Centro", onde se contemplarán os seguintes campos:

1. Datos identificativos: nº de saneamento, data de nacemento, idade en días, crotal do pai e da nai.
2. Datos de exploración: peso, altura, t.rectal, feces, embigo, aparello locomotor, auscultación cardíaca e pulmonar, disnea, tose, secreción nasal, reflexo de succión, pel, etc.
3. Informe de Admisión: a ADMISIÓN poderá ser REXEITADA, SATISFACTORIA ou CONDICIONADA.

- Admisión rexeitada: datos de exploración que reflectan unha falta de condición sanitaria, con evidencias claras de enfermidade (por exemplo, diarrea aguda, pneumonía etc). A reincidencia nesta falta de adecuadas condicións sanitarias de xovencas enviadas, poderá carrexar unha rescisión de contrato.

O obxectivo non é outro que evitar a entrada destes animais para manter un status sanitario óptimo no Centro e que o cliente sexa o máximo interesado en enviar as xovencas sas tal e como establece co compromiso que adquire no presente contrato, deixándose aconsellar polo persoal que fai a carga na explotación de orixe.

- Admisión satisfactoria: datos de exploración correctos.
- Admisión condicionada: datos de exploración que amosa algunha desviación con respecto ao óptimo que pode ocasionar desviacións futuras nos obxectivos para alcanzar e compromisos adquiridos polo Centro (por exemplo, onfalite, baixo peso, etc.)

Admitido o animal no Centro (sexa admisión satisfactoria ou condicionada) xerá un número interno individual (ficha) dentro do Centro que servirá para a trazabilidade do animal e o seu control.

### **Terceira. Obrigas das partes.**

#### **I.- Obrigas da CONCESIONARIA**

Constitúen obrigas da CONCESIONARIA todas aquelas que se deriven do estipulado no presente contrato, así como o establecido na normativa reguladora mencionada no expositivo previo, en especial nos pregos de condicións e no Regulamento de Organización e Funcionamento do Centro de Recría, nomeadamente as previstas na Cláusula 8 do PCAP.

En concreto, A CONCESIONARIA acepta prestar os servizos consistentes nas seguintes actividades:

1. Recrear xovencas garantindo un promedio de idade a parto de 24 meses, e un retorno a explotación a partir de 7 meses de preñez e, en todo caso, antes dos 24 meses de idade, en relación co disposto no artigo 3 do Regulamento do Centro de Recría.
2. Seguir o programa sanitario que executará a ADS local correspondente durante a estancia das xovencas no Centro de Recría, demostrando e garantindo, con probas serolóxicas a súa saída, o seu correcto estado sanitario.
3. Con carácter xeral, reembolsar o gasto diario das xovencas con Admisión Satisfactoria que causen baixa no Centro de Recría, a razón do prezo estipulado de custo por día na cláusula quinta do presente contrato.

Excepcionalmente, non se abonará importe algún en concepto de reembolso respecto de animais que a CONCESIONARIA recomende o seu sacrificio por diferentes situacións excepcionais (falta de crecemento, infertilidade, abortos, etc) e o gandeiro decida continuar co animal, ben no Centro de Recría, ou ben decida levalos á súa explotación en lugar de sacrificalos.

4. Ademais, para garantir os riscos que puideran xurdir na xestión e explotación do Centro de Recría, a CONCESIONARIA obrigouse a subscribir e manter as correspondentes pólizas de seguro en execución do contrato, ofertadas pola CONCESIONARIA, como melloras, por enriba do previsto no PCAP, nomeadamente:
  - a. A prevista no artigo 8 do PCAP que debe axustarse ao establecido na Orde AAA/2524/2014, do 19 de decembro, pola que se definen as explotacións de gando

asegurables e as súas condicións técnicas mínimas de explotación, o ámbito de aplicación, o período de garantía, as datas de subscripción e o valor unitario dos animais, en relación co seguro de explotación de gando vacún reprodutor e de Recría, comprendido no Plan Anual 2016 de Seguros Agrarios Combinados, ou aquela normativa que derroque ou modifique esta Orde no futuro.

A estes efectos as coberturas resultantes da adxudicación e polo tanto obrigas da CONCESIONARIA, son as seguintes:

a.1. Seguro agrario combinado:

Garantías básicas:

- Encefalopatía Esponxiforme Bovina (EEB).
- Ataque de animais: cóbrese a morte ou o sacrificio necesario de animais consecuencia do ataque de animais salvaxes ou asilvestrados.
- Saneamento básico: Para as seguintes enfermidades:
  - o Tuberculose Bovina.
  - o Brucelose Bovina.
  - o Leucose Enzoótica Bovina.
  - o Perineumonía Contaxiosa Bovina.

Garantías adicionais:

- Accidentes:

Morte ou sacrificio necesario por algún destes eventos:

  - o Traumatismos músculo esqueléticos.
  - o Traumatismos viscerais ou no aparello circulatorio.
  - o Afogamento por inmersión.
  - o Obstrución esofáxica.
  - o Perforación do tubo dixestivo por inxestión de corpo extraño.
  - o Intoxicación aguda.
- Retirada e destrución de cadáveres

Cóbrese nos termos previstos os gastos derivados da retirada, dende un lugar accesible para camións, na entrada da explotación e ata o lugar da destrución, de todos os cadáveres de animais mortos por calquera causa na explotación, incluíndo o custo de destrución.

a.2. Póliza agraria fronte a danos materiais:

Incluirá continente e contido nos seguintes riscos e pola seguinte suma:

- Continente: valor 9.863.744 €.
  - o Incendio, tormenta, explosión.
  - o Danos por auga ou inundacións.

- Contido: valor 1.064.185 €.
- o Incendio, tormenta, explosión.
  - o Danos por auga ou inundacións.
  - o Roubo.
- a. Fíxase un seguro de responsabilidade civil de riscos profesionais, previsto na cláusula 8.1, nº11, do PCAP cun importe mínimo asegurado de 1.000.000 de euros; que cubra os posibles danos corporais, materiais e prexuízos a consecuencia deles, involuntariamente ocasionados á Deputación e a terceiros por feitos que teñan relación directa e deriven do risco do servizo contratado e cun seguro que cubra o roubo e incendio das instalacións existentes.

As coberturas resultantes da adxudicación e polo tanto obrigas da CONCESIONARIA, son as seguintes:

b.1. Seguro de responsabilidade civil e profesional

Cubrirá: danos corporais, materiais e prexuízos a consecuencia deles, involuntariamente ocasionados á Deputación e a terceiros por feitos que teñan relación directa e deriven do risco do servizo contratado, nas seguintes contías e conceptos:

- Máximo de indemnización de 1.100.000 €.
  - Cobertura de CONTAMINACIÓN AMBIENTAL cunha suma asegurada de 150.000 €.
  - Cobertura de ACCIDENTES DE TRABAJO cunha suma asegurada de 150.000 €/víctima.
5. Respetar os dereitos dos USUARIOS (CLIENTES) previstos na cláusula 1 do Regulamento do Centro de Recría.

**II.- Obrigas do CLIENTE**

Constitúen obrigas do CLIENTE todas aquelas que se deriven do estipulado no presente Contrato, así como o establecido na normativa reguladora mencionada no expositivo previo anterior, en especial, os requirimentos obxectivos de acceso previstos no artigo 4.2 do Regulamento do Centro de Recría, así como as obrigas de cumprimento estipuladas no artigo 10.2 dese mesmo Regulamento.

En especial, O CLIENTE obrígase a:

1. Seguir na entrega das xovencas a "Guía de boas prácticas na explotación de orixe" establecido no Plan de Calidade do Proxecto de Explotación presentado a Licitación

por RECRÍA CASTRO S.L. para a obtención da Concesión de servicios (ver ANEXO I).

2. Seguir o programa sanitario fixado por Recría Castro S.L. na explotación de orixe (desagregado no ANEXO II do presente contrato e previsto no Proxecto de Explotación da Concesión, así como de acordo co establecido no Prego de Prescricións Técnicas para o manexo de animais e bioseguridade), que, con carácter xeral, supón que o CLIENTE deberá cumprir co conxunto de medidas de bioseguridade, programas sanitarios resultantes da adxudicación ou que resulten de aplicación ao longo da explotación e funcionamento da actividade.
3. Aportar o número estimado de xovenças con compromiso de entrega ao Centro de Recría nun ítem temporal de ata seis meses e cunha porcentaxe de variabilidade admitida dun 20%, segundo o manifestado na solicitude de orixe; de modo que de non cumprir a aportación indicada estimativamente na solicitude de orixe sen xustificación, e se houberse lista de espera de acceso a novos clientes, perderíase o dereito ás prazas reservadas e non ocupadas(ver ANEXO IV).
4. Facilitar datos da explotación para accesos á Oficina Agraria Virtual da Xunta de Galicia, Asociacións de Defensa Sanitaria, CONAFE, AFRICOR, e LIGAL; e para a integración de datos na plataforma de xestión de datos de traballo do Centro por parte de RECRÍA CASTRO, S.L.(ver ANEXO V).

**Cuarta. Duración.** O presente contrato ten unha duración de dous anos, contados dende o día seguinte a firma do mesmo, podendo prorrogarse anualmente, a vontade das partes, e de común acordo, ata un prazo máximo de catro anos, momento a partir do cal este será obxecto de revisión ao estar suxeito a tutela administrativa.

**Quinta. Prezo.** O prezo acordado será o de 2,39€ por xovenca/día, reflectido no acordo plenario de adxudicación e no contrato da concesión. Este importe non inclúe o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) correspondente.

O devandito prezo, segundo o disposto no artigo 8 do Regulamento do Centro de Recría, será mantido respectando o PCAP, actualizándose cada dous anos, e podendo ser modificado só nas circunstancias previstas no punto 20 do referido Prego, isto é, por incremento de gastos de explotación xustificadas por ditame pericial, ou incremento das obrigas financeiras consecuencia de novos investimentos debidamente autorizados pola Deputación, respectando, en todo caso, unha periodicidade mínima de dous anos, contados desde o acto de inicio do contrato e en períodos sucesivos desde a entrada en vigor da última modificación.

- I. O prezo establecido por xovenca/día de 2,39 € INCLÚE:

1. Dereito a reserva de praza polo número de xovencas comprometido no presente contrato (ver ANEXO IV) segundo solicitude previa de acceso, de acordo co previsto no artigo 7 do Regulamento do Centro de Recría.
2. Transporte de recollida de xovencas e transporte de devolución de xovencas a parto de clientes, tal e como establece o punto 8.1.13 do PCAP, así como o "Prego de Prescricións Técnicas para o manexo de animais e de bioseguridade" no seu punto 3.
3. Inspeccións clínicas e valoración de entrada e saída das xovencas.
4. Asunción do custo do programa sanitario do Centro de Recría: plan de vacinación, desparasitación e desinsectación.
5. Inseminacións e doses seminais no catálogo de touros base seleccionados polo Centro, que será público e estará dispoñible na páxina web da CONCESIONARIA ([www.recriacastro.es](http://www.recriacastro.es)). Pesadas e medicións de altura en cada etapa do proceso produtivo.
6. Acceso á plataforma informática GESGANDO e aplicación para dispositivos móbiles GESGANDROID, a través da páxina web da CONCESIONARIA.
7. Entrega de Informes recorrentes por correo (electrónico ou ordinario, segundo preferencia) acerca do estado das xovencas (datos identificativos xerais, de ganancia de peso, reprodutivos, diagnósticos e vacinacións, etc) así como entradas rexistradas, retornos, baixas e preñeces confirmadas.

Estas prestacións son polo tanto obrigas contractuais para a CONCESIONARIA.

## II. O prezo establecido NON INCLÚE:

1. Dose seminais de alto valor xenético fora do catálogo de touros base seleccionados polo Centro, así como servizos de reprodución adicionais como transplantes de embrións.
2. Vacinacións personalizadas fora do cadro estándar do programa sanitario.
3. Transportes de devolución e/ou gastos derivados do sacrificio de animais nos seguintes casos: i) animais con anomalías no seu aparato reprodutor e non informadas no momento da solicitude por parte do CLIENTE; e ii) animais que a CONCESIONARIA recomende o seu sacrificio por diferentes situacións excepcionais (falta de crecemento, infertilidade, abortos, etc) e o gandeiro decida



continuar co animal, ben no Centro, ou ben decida levarllos á súa explotación en lugar de sacrificalos.

A CONCESIONARIA comprométese a enviar a factura mensual (en formato papel e por correo postal, ou ben en formato dixital, segundo elección do cliente) antes do día 20 do seguinte mes, desagregando calquera gasto non incluído e acompañado do correspondente informe do período acerca de entradas e saídas, así como a evolución das xovencas que o CLIENTE ten no Centro de Recría.

O CLIENTE comprométese a facilitar os datos bancarios e a pagar a factura polos gastos xerados polo aloxamento e mantemento das xovencas antes do día 20 do seguinte mes.

No caso de devolución de factura, o CLIENTE asumirá os gastos por xestión de cobro que cargue a entidade financeira correspondente, que se lle repercutirán como recargo.

No caso de falta de pago do prezo referido por causa imputable ao CLIENTE, aplicarase por vontade das partes o interese de demora previsto na lexislación tributaria e orzamentaria sobre saldos insolutos polo tempo que dura o atraso no pago, sen prexuízo de calquera tipo de reclamación polos danos e prexuízos que se podan devengar.

#### **Sexta.- Resolución por incumprimento.**

Son causas de resolución do Contrato as contempladas no Artigo 11 do Regulamento do Centro de Recría, entre elas:

- b. O reiterado incumprimento das normas de utilización do Centro, segundo o réxime de infraccións e sancións previsto no propio regulamento.
- c. O incumprimento reiterado no pagamento das cotas establecidas. A estes efectos enténdese por reiterado incumprimento da obriga de pago o impago da tarifa aprobada durante dúas mensualidades consecutivas ou tres mensualidades vencidas durante o período de nove meses e deixando a salvo os casos de fraccionamento e/ou aprazamento da débeda, practicados a petición do CLIENTE.
- d. Ter cumprido os 18 meses de idade e antes dos 19, a res no Centro de Recría sen acadar a condición biolóxica de preñez ou ben por sufrir algunha enfermidade ou lesión debidamente informada, por facultativo veterinario que convertan a res en inviable para unha función reprodutora. Nestes casos o Centro de Recría debe advertir previamente a gandería titular da res.

No caso de incumprimento por parte do CLIENTE de calquera das súas obrigas, incluída a falta de pago da tarifa establecida por cabeza e día pola utilización do servizo, e non reparado dentro dos prazos que figuran no artigo 11 do Regulamento do Centro de Recría,

a CONCESIONARIA poderá resolver legalmente, o presente contrato de prestación de servicios, aplicando a tal efecto o previsto no ordenamento xurídico.

Así o CLIENTE virá obrigado a abonar á CONCESIONARIA as tarifas devengadas ata a data da efectiva entrega e recepción das xovenças, ao que se poderán engadir os intereses moratorios aplicables e a superior indemnización por danos e prexuízos que poida proceder, de conformidade a dereito.

Si existise algún incumprimento por parte da CONCESIONARIA, esta virá obrigada a devolver ao CLIENTE as tarifas e importes (prezo) satisfeitos correspondentes ao traballo non realizado, cos intereses moratorios correspondentes, sen prexuízo da superior indemnización por danos e prexuízos que poida proceder de conformidade a dereito.

**Sétima.- Réxime de Penalidades.** O incumprimento das obrigas contidas neste Contrato e restante documentación contractual, e, en especial, as morosidades no pago das facturas correspondentes, levará consigo a reclamación da cantidade debida, máis intereses, danos e perdas, sen prexuízo da aplicación ao CLIENTE das sancións establecidas no artigo 15 do Regulamento do Centro de Recría, seguíndose o procedemento previsto no mesmo, ao que as partes se remiten.

**Oitava.- Accións para cobrar a débeda vencida, líquida e esixible.**

A falta de pago do prezo estipulado na cláusula quinta do presente Contrato, incluíndo, as tarifas, intereses moratorios correspondentes, ou calquera outro importe en contraprestación pola recepción dos servizos adicionais relacionados na Cláusula 5.II. do presente Contrato, permitirá á CONCESIONARIA, cumpridora das súas prestacións, aplicar os procedementos declarativos ou executivos previstos na lexislación procesual civil, que serán o sistema ordinario para o cobramento de débedas.

A CONCESIONARIA comprométese a coidar e custodiar a/as xovença/s nas condicións fixadas neste Contrato e Concesión ata cumprir os 7 meses de xestación, e como máximo ata os 24 meses de idade tal e como establece o Artigo 3 do Regulamento do Centro de Recría, tanto nos supostos de aprazamento e/ou fraccionamento da débeda, como incluso de impago.

Nestes supostos de fraccionamento e/ou aprazamento da débeda e impagos, a estancia da xovença no Centro de Recría ata a súa entrega ó CLIENTE (como máximo, ata o cumprimento de 24 meses de vida), seguirá devengando o pago da Tarifa por cabeza e día e xerando maior débeda.

No caso de que esa falta de pago non sexa reparada dentro dos prazos que figuran no artigo 11 do Regulamento do Centro de Recría e incumpridos, de ser o caso, os

aprazamentos e/ou fraccionamentos a CONCESIONARIA requirirá formalmente ao CLIENTE o pago da débeda existente concedendo un prazo de pago adicional de 10 días.

Transcorrido este último prazo, e para cumprir coa determinación contractual de que as xovencas non superen os 24 meses de idade con estadía no Centro ou aos 7 meses de preñez (próximas ao parto) e dar cumprimento á normativa de benestar animal (as vacas non deben parir no Centro de Recría), así como facilitar o acceso doutros CLIENTES ao Centro de Recría, se o CLIENTE non efectuara o pago, a CONCESIONARIA poderá executar a venta da xovenca, do CLIENTE moroso, cumprindo coas seguintes determinacións:

O prezo de venta determinarase mediante os valores de referencia de AGROSEGURO publicados anualmente, tomando como prezo mínimo inicial de saída o valor máximo de referencia de AGROSEGURO, e, para o caso de que non se puidera conseguir tal valor, establecerase como valor mínimo de realización da venta o límite inferior da a contía resultante da media entre o valor máximo e mínimo publicados. Estes prezos de referencia de AGROSEGURO publícanse na páxina web <http://agroseguro.es>

A realización da venta, require que o prezo mínimo inicial de saída se publique na páxina web [www.recriacastro.es](http://www.recriacastro.es), por un prazo mínimo de cinco días naturais, con independencia doutras publicidades adicionais.

O importe acadado coa venda realizada aplicarse a saldar o total da débeda existente do CLIENTE ata a súa completa satisfacción, existindo deber de reintegrar o excedente –se o houbese- en relación co importe da débeda existente.

**Novena.- Subministración de datos e segredo profesional.** O CLIENTE facilitará á CONCESIONARIA cantos datos, informes ou material estime este necesario para poder levar a cabo a prestación do servizo para o que se lle contrata.

Pola súa banda, A CONCESIONARIA comprométese a prestar os seus servizos baixo deber de confidencialidade respecto dos datos persoais dados polo CLIENTE. Por iso non serán difundidos nin compartidos, salvo que medie consentimento expreso do CLIENTE.

**Décima.- Protección de datos de carácter persoal.** A CONCESIONARIA reconece que a lexislación sobre protección de datos persoais establece unha serie de obrigas no tratamento de datos de carácter persoal, entre as que destaca a prohibición de realizar cesións de datos de carácter persoal sen a correspondente autorización do titular dos datos persoais.

Para ese efecto, a CONCESIONARIA:

- a. Unicamente accederá aos datos persoais de clientes e demais persoas físicas relacionadas co CLIENTE se tal acceso fose necesario para cumprir cos servizos obxecto do presente contrato.
- b. Comprométese a:
  - i. Utilizar os datos de carácter persoal aos que teña acceso única e exclusivamente para cumprir coas súas obrigacións contractuais para co CLIENTE.
  - ii. Observar e adoptar cantas medidas de seguridade sexan necesarias para asegurar a confidencialidade, segredo e integridade dos datos de carácter persoal aos que teña acceso, así como a adoptar no futuro cantas medidas de seguridade sexan esixidas polas leis e regulamentos destinadas a preservar o segredo, confidencialidade e integridade no tratamento automatizado de datos persoais.
  - iii. A non ceder en ningún caso a terceiras persoas os datos de carácter persoal aos que teña acceso, nin tan sequera a efectos da súa conservación.

As obrigas establecidas para a CONCESIONARIA pola presente cláusula serán tamén de obrigado cumprimento para os seus posibles empregados, colaboradores, tanto externos como internos, e subcontratistas, polo que a CONCESIONARIA responderá fronte ao CLIENTE se tales obrigas son incumpridas por tales empregados, colaboradores e subcontratistas.

O incumprimento por parte da CONCESIONARIA de calquera das obrigas establecidas na anterior cláusula de Confidencialidade e nesta de Tratamento de Datos de Carácter Persoal, xerará unha indemnización en favor do CLIENTE.

A duración das obrigas de confidencialidade establecidas no presente contrato será indefinida, manténdose en vigor con posterioridade á finalización, por calquera causa, da relación entre a CONCESIONARIA e o CLIENTE.

**Undécima.– Cesión do Contrato.** As partes non poderán ceder a terceiros os dereitos ou obrigas que lles son outorgados en virtude do presente contrato, salvo autorización expresa por escrito da outra parte, cumprindo coas determinacións do Regulamento do Centro de Recría para acceder ao mesmo.

**Duodécima.– Comunicacións e notificacións.** Para os efectos de notificacións, requirimentos e escritos de calquera clase a que dea lugar o presente contrato entenderase como domicilio de ambas as partes os que figuran no mesmo.

Para ese efecto, désígnanse as seguintes persoas e os seus respectivos correos electrónicos como interlocutores de cada unha das partes para as finalidades que en cada caso descríbense:

Pola CONCESIONARIA, [info@recriacastro.es](mailto:info@recriacastro.es)

Polo CLIENTE, con mail .....

O correo electrónico será o sistema de comunicacións e notificacións ordinario; excepcionalmente será utilizado o correo postal ou mensaxería ao enderezo das partes indicado para este fin.

### **Décimo-terceira.-Recursos, lexislación aplicable e xurisdición.**

- a. Recursos. As decisións da CONCESIONARIA na súa relación co CLIENTE están baixo a tutela administrativa e poderán reclamarse diante da Deputación no prazo dun mes ao afectado.
- b. As partes recoñecen que a lexislación aplicable ao presente contrato, e a todas as relacións xurídicas dimanantes do mesmo, será a española, por expresa aplicación do disposto no art.1262 do Código Civil, e, en concreto, fan expresa referencia o sometemento de ambas as disposicións do Regulamento do Centro de Recría da Deputación de Lugo.
- c. Para a resolución de calquera controversia que puidese xurdir en relación coa interpretación e execución do presente contrato, as partes sométense expresamente á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Lugo.

### **Disposición adicional Primeira.-**

As partes asumen que, en todo caso, nesta relación xurídica deben cumprir coas determinacións contractuais da propia concesión e respectar o establecido no Regulamento de organización e funcionamento do Centro de Recría.

### **Disposición adicional Segunda.-**

Incorpóranse a este contrato os anexos I a VI, detallando información sobre os protocolos sanitarios aplicables, o Regulamento de organización e funcionamento do Centro e os lugares onde consultalos, compromiso de envío de xovencas, determinacións do PCAP para unha eventual modificación de tarifas, facilitación de datos.

E para mostrar a súa conformidade con todo o anterior, as partes asinan o presente contrato por duplicado e a un só efecto na data e lugar arriba indicados.

Fdo.: [REDACTED]  
[REDACTED]

Fdo.: Rogelio Grille Barbeira  
Administrador

Entidade cliente :  
[REDACTED]

A CONCESIONARIA,  
RECRÍA CASTRO S.L.